



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net  
<https://sede.betanzos.es>  
correo@betanzos.net

## ANUNCIO

### **Aprobación do padrón fiscal de postos fixos de venda ambulante, segundo a ordenanza fiscal nº 15.**

#### **ANUNCIO DE COBRANZA**

Por resolución da alcaldía núm. 91/2024, de 17/01/2024, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao exercicio 2022 e ocupación de terreos de uso público con postos fixos de venda ambulante.

**Exposición:** os padróns quedarán expostos ao público no concello durante o prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP. O presente anuncio terá carácter de notificación colectiva ao amparo do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e artigo 24 do regulamento xeral de recadación. Durante o período de exposición pública, os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes á alcaldía.

**Recursos:** Contra as débedas consignadas no padrón fiscal e notificadas colectivamente mediante o presente anuncio os interesados podrán interpoñer os seguintes recursos:

Recurso de reposición no prazo dun mes contado dende o día seguinte da finalización do prazo de exposición do padrón, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Recurso contencioso administrativo contra a resolución recaída no recurso de reposición, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación da citada resolución, ou no prazo de seis meses a contar dende o día seguinte ao de aquel no que se teña producido o acto presunto segundo o establecido no artigo 46.1 da lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contenciosa-administrativa.

Calqueira outro que en dereito estime procedente para a defensa dos seus intereses.

**Período de cobro:** O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación no BOP. Transcorrido este prazo, procederase a a esixir os xuros de mora e os recargos que establecen os artigos 26 e 28 da Lei xeral tributaria e, no seu caso, as costas derivadas do procedemento de prema.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente edicto que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102 da lei 58/2003, de 17 de decembro

Betanzos, na data da sinatura electrónica deste documento.

A Alcaldesa

María Barral Varela.